

3.3.

prestacións sanitarias esociais

A **estrutura poboacional** é un dos elementos condicionantes da evolución e situación actual das prestacións sanitarias e sociais. Dunha banda, cómpre salientar que o 21,5% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2006 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 16,7%. Tendo en conta este maior peso relativo, os datos do **cadro 3.3.1** reflicten nos índices de envellecemento e sobreenvellecemento superiores aos da media española.

Asemade, o maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (32,4% fronte ao 24,6% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase máis de catro puntos por baixo (24,3% en Galicia e 28,7% en España).

Os presupostos da Xunta do ano 2006 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 5.889,1 millóns de euros, un 9,3% máis que no ano anterior. As partidas máis importantes foron as de sanidade, que tras unha medra do 11,7% acadou os 3.157,1 millóns de euros, e a de educación, con 2.001,4 millóns de euros, un 8,8% máis que en 2005.

Indicadores de saúde

No ano 2006 o importe presupostado para o programa de protección e promoción da saúde rexistrou unha medra do 8,7% sobre o presupostado no ano anterior, dedicándose un total de 31.418,6 miles de euros. As dúas primeiras partidas corresponden ás do “Programa galego de vacinacións”, con 11.272,8 miles de euros, e á de “Prevenición e control de enfermidades transmisibles”, con 3.668,1 miles de euros.

• Morbilidade

O estado de saúde da poboación dende o punto de vista das enfermidades que padece un grupo poboacional pode reflectirse coa análise de morbilidade. Os resultados obtidos a través do sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) indican o forte descenso do número de casos de gripe ao longo de 2006, que tras unha caída do 39,6%, acadaron os 58.005 casos de gripe (2.095,9 casos por cada 100.000).

Xunto a esta caída cómpre salientar o forte incremento dos casos de varicela, con case 4.000 casos máis que en 2005, e parotidite, con 895 casos máis que no ano anterior. A varicela é a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos, con 9.151 casos, presentando unha incidencia de 300,7 casos por cada cen mil habitantes no ano 2006. En canto á parotidite, rexistráronse un total de 1370 casos, situándose a súa incidencia nos 49,5 casos por cada 100.000 persoas (**cadro 3.3.4**).

Indicadores demográficos básicos en Galicia e España 2005-06

		1 xaneiro 2006		1 xaneiro 2005	
		Galicia	España	Galicia	España
Poboación total	[1]	2.767.524	44.708.964	2.762.198	44.108.530
Poboación menor de 16 anos	[2]	337.135	6.825.177	338.509	6.719.131
Poboación menor de 20 anos	[3]	445.296	8.720.639	450.358	8.636.576
Poboación con idades entre 16 e 64 anos	[4]	1.835.893	30.399.395	1.836.552	30.057.132
Poboación maior de 65 anos	[5]	594.496	7.484.392	587.137	7.332.267
Poboación de 85 e máis anos	[6]	77.579	851.624	74.326	815.753
(%)					
Índice de vellez	[5] / [1]	21,5	16,7	21,3	16,6
Índice de envellecemento	[5] / [3]	133,5	85,8	130,4	84,9
Índice de sobreenvellecemento	[6] / [5]	13,0	11,4	12,7	11,1
Índice de dependencia xeral	[(2)+[5)] / [4]	50,7	47,1	50,4	46,7
Índice de dependencia xuvenil	[3] / [4]	24,3	28,7	24,5	28,7
Índice de dependencia senil	[5] / [4]	32,4	24,6	32,0	24,4
Índice de recambio	[2] / [5]	56,7	91,2	57,7	91,6

Fonte: INE

○ 3.3.1.

Producción de bens públicos de carácter social 2005-06

	2005	2006	06/15
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	2.826.988	3.157.137	11,7
Educación	1.840.138	2.001.385	8,8
Vivenda e urbanismo	199.634	228.668	14,5
Políticas ambientais	195.251	182.457	- 6,6
Cultura	220.087	209.215	- 4,9
Outros servizos sociais e comunitarios	113.649	120.272	5,8
Total	5.395.747	5.899.133	9,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

○ 3.3.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2005-06

	2005	2006	06/05
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	2.466,6	2.811,9	14,0
Prevención e control de enfermidades transmisibles	4.272,1	3.668,1	-14,1
Programa galego de vacinacións	10.055,8	11.272,8	12,1
Sistemas de información de saúde pública	473,6	613,9	29,6
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública	2.257,6	2.821,4	25,0
Programas sanitarios	2.356,9	2.355,6	-0,1
Control de riscos específicos	751,2	870,3	15,9
Protección da saúde fronte a riscos xerais	1.360,8	1.471,8	8,2
Equipamento informático saúde pública	1.227,0	1.227,0	0,0
Programas poboacionais de cribado	2.934,9	3.119,9	6,3
Programa de prevención e control de enfermidades non transm.	739,5	1.185,9	60,4
Total	28.895,9	31.418,6	8,7

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.3.

○ 3.3.3.

Enfermidades de declaración obrigatoria 2005-06

	2005		2006	
	número de casos	taxa/100.000 habs.	número de casos	taxa/100.000 habs.
Enfermidades de transmisión respiratoria				
Gripe	96.096	3.479,0	58.005	2.095,9
Varicela	5.157	186,7	9.151	330,7
Lexionelose	65	2,4	63	2,3
Toberculose respiratoria	404	14,6	373	13,5
Enf. meningocócica	115	4,2	85	3,1
Enf. invasiva por Hib.	6	0,2	5	0,2
Outras				
Meninxites víricas	14	0,5	404	14,6
Meninxite tuberculosa	256	9,3	4	0,1
Outras meninxites	42	1,5	54	2,0
Lepra	2	0,1	2	0,1
F. Botanosa	7	0,3	5	0,2
Enfermidades de transmisión alimentos				
Toxinfeccións alimentarias	749	27,1	487	17,6
Disenteria bacilar	3	0,1	8	0,3
F. tifoidea e paratifoidea	12	0,4	6	0,2
Enfermidades prevenibles inmunización				
Parotidite	475	17,2	1.370	49,5
Rubéola	13	0,5	7	0,3
Sarampelo	-	-	-	-
Tétano	5	0,2	2	0,1
Tose ferina	4	0,1	5	0,2
Hepatite A	12	0,4	21	0,8
Hepatite B	41	1,5	35	1,3
Outras hepatites víricas	106	3,8	91	3,3
Enfermidades transmisión sexual				
Infección gonocócica	93	3,4	93	3,4
Sifilis	68	2,5	84	3,0
Antropozoonoses				
Brucelose	15	0,5	6	0,2
Vixiadas pola OMS				
Paludismo	18	0,7	13	0,5

(1) índice epidémico acumulado

(2) Para o cálculo da taxa por cada cen mil habitantes empréganse os datos do Padrón a 1 de xaneiro de 2005 e 2006

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

3.3.4.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2005-06

	2005		2006	
	Episodios	Estadía media	Episodios	Estadía media
Parto sen complicacións	9.414	3,21	9.511	3,12
Trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior	8.906	11,21	7.368	11,69
Insuficiencia cardíaca e choque	4.483	9,23	4.432	9,29
Cesárea sen complicacións	3.474	7,43	3.622	7,22
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.435	5,98	3.540	5,54
Parto con complicacións	3.423	3,65	3.503	3,55
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.753	2,03	2.791	1,95
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracranial	2.749	12,81	-	-
Edema pulmonar e insuficiencia respiratorio	-	-	3.562	9,28
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	2.575	9,64	2.400	9,11
Substitución de cadeira agás por complicacións	2.474	12,93	2.497	12,71
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	2.352	2,60	2.518	2,56
ICC e arritmia cardíaca con cc maior	2.338	12,09	2.218	11,99
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.320	3,49	2.488	3,35
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.246	2,72	2.689	2,61
Psicose	2.148	22,18	2.100	21,57
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.122	4,29	2.172	4,08
Outros diagnósticos de aparello respiratorio con cc	2.065	7,42	-	-
Quimioterapia	2.040	4,68	1.823	4,02
Anxina de peito	1.797	7,76	1.836	7,83
Ictus con infarto	-	-	2.719	1,95
Gastroenterite non bacteriana e dor abdominal idade <18 sen cc	-	-	1.698	3,52
Procedementos sobre ano e enterostomía sen cc	-	-	1.676	2,92
Dor torácica	-	-	1.669	5,33
Colecistestomía laparoscópica sen explorac.conducto biliar sen cc	-	-	1.666	4,89
Bronquite e asma idade <18 sen cc	-	-	1.646	4,92
Subst. articulac. maior exep. cadeira e reimplante memb. inf., exc.por cc	-	-	1.644	12,43
Subtotal	63.114	145	73.788	167

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

(2) Inclúe a actividade de Povisa con financiamento do Sergas

Fonte: Sergas

3.3.5.

Accidentes de tráfico con vítimas mortais nas CC.AA. 2005-06

	Accidentes		Mortos	
	2005	2006	2005	2006
Andalucía	515	490	581	560
Aragón	133	118	164	147
Asturias	68	54	78	64
Baleares	81	65	88	78
Canarias	102	81	108	86
Cantabria	27	38	27	43
Castela-A Mancha	239	224	299	277
Castela e León	297	267	357	318
Cataluña	343	318	398	356
C. Valenciana	279	258	322	292
Extremadura	90	80	97	93
Galicia	247	242	284	267
Madrid	161	153	190	178
Murcia	111	91	128	95
Navarra	71	42	79	44
País Vasco	81	79	92	86
A Rioxa	31	30	40	32
Total	2.876	2.630	3.332	3.016

Fonte: Dirección General de Tráfico

○ 3.3.6.

No ano 2006 notificáronse un total de 83 novos casos de SIDA, dous menos que no ano anterior, o que significa o 7,8% dos casos no conxunto do Estado (5,3% en 2005). En termos relativos, en Galicia rexistráronse un total de 30,6 casos por millón de habitantes, mentres que a media estatal sitúase nos 24,3 casos.

Tendo en conta os datos acumulados a 31 de decembro de 2006, a vía de transmisión máis frecuente é a de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (64,5%), o que se confirma tanto en homes como en mulleres (66,6% e 57,2%, respectivamente).

No que atinxe á morbilidade hospitalaria, a agrupación das altas hospitalarias en función da súa complexidade (GRD) constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.511 e 7.368 episodios, respectivamente. As súas estadías medias foron, **cadro 3.3.5.**, de 3,12 e 11,69 días, fronte aos 3,21 e 11,21 días do ano anterior.

• Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 3.3.6.** amosa unha nova redución do número de accidentes con vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 242 accidentes con vítimas mortais (cinco menos que no ano anterior), representando o 9,2% do número total de accidentes mortais en España (2.630 accidentes). No caso das persoas falecidas, o seu número ascendeu no último ano ata os 267 falecidos (o 8,9% do total de persoas falecidas en España).

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.1.15.** [*Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2005-06: distribución segundo a gravidade, provincias e sectores económicos*] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia continuou crescendo no último ano ata situarse nos 48.572 accidentes (un 1,2% máis en relación ao ano anterior).

Dous terzos destes accidentes producíronse nas actividades do sector servizos (16.304 accidentes) e nas ramas industriais (16.184 accidentes); un 26,5% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (12.865), e o 6,7% restante (3.225 accidentes), no sector primario.

Do total dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2006, a meirande parte dos mesmos, o 97,9%, corresponderon a accidentes leves (47.550 accidentes), e o restante 2,1% (1.028 accidentes) foron graves ou mortais.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 2005-06

Hospitais	2005	2006
	Camas instaladas e funcionantes	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.423	1.489
F.H. Virxe da Xunqueira	74	74
C.Universitario de Santiago	1.119	1.109
F.H. da Barbanza	84	85
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	412	428
C.H. Xeral-Calde	569	735
H.C. da Costa	140	140
H.C. de Monforte	135	137
C.H. Ourense	840	841
H.C. de Valdeorras	100	102
F.H. de Verín	79	79
C.H. Pontevedra	604	603
C. H. Universitario de Vigo	1.250	1.250
F.H. Salnés	85	85
Total	6.914	7.157

Fonte: Sergas

○ 3.3.7.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2005-06

	2005			2006		
	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas
A Coruña	70.300	56.314	13.986	75.549	61.645	13.904
Lugo	20.960	15.845	5.115	22.039	16.459	5.580
Ourense	18.748	13.693	5.055	19.852	14.512	5.340
Pontevedra	52.808	40.021	12.787	52.625	39.560	13.065
Total	162.816	125.873	36.943	170.065	132.176	37.889

Fonte: Sergas

○ 3.3.8.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 57,3 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximas da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cubertas (58,8 accidentes de media en España), converténdose na novena comunidade autónoma co índice máis elevado. No caso dos accidentes mortais, en Galicia rexistráronse un total de 8,8 accidentes por cada cen mil traballadores (6,1 no conxunto do Estado), estando tan só por baixo do acadado en Cantabria (11,7 accidentes), Asturias (10,0 accidentes) e Castela-Mancha (9,4 accidentes).

○ Servizo Galego de Saúde (Sergas)

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas, neste apartado farase referencia aos datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas, así como á actividade cirúrxica.

O **cadro 3.3.7.** amosa que os hospitais do Sergas contaban no último ano cun total de 7.157 camas funcionantes, mentres que o número de camas instaladas e funcionantes no ano precedente acadou as 6.914 camas.

Os hospitais do Sergas rexistraron en 2006 unha medra do número de intervencións realizadas, tanto no caso das programadas coma das non programadas. No último ano realizáronse un total de 170.065 intervencións (8.249 máis que no ano anterior), das que o 77,7% (132.176 intervencións) son intervencións programadas e as restantes 37.889 intervencións, son intervencións urxentes.

Todas as provincias galegas, agás Pontevedra, rexistraron unha medra do número de inter-

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2005-06

	2005	2006	06/05 (%)
Doantes de órganos	80	92	15,0
Transplantes de órganos	261	248	-5,0
Transplante renal	107	112	4,7
Transplante hepático	85	83	-2,4
Transplante cardíaco	32	25	-21,9
Transplante pulmonar	29	23	-20,7
Transplante pancreático	8	5	-37,5
Transplantes de tecidos	749	1.064	42,1
Trans. progenitos hematopoyético	129	106	-17,8
Transplante córneas	147	154	4,8
Transplante oso	404	699	73,0
Transplante vasos sanguíneos	19	26	36,8
Transplante válvulas cardíacas	16	8	-50,0
Cult.condrocitos	4	9	0,0
Transplante membrana amn.	30	62	106,7

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

○ 3.3.9.

vencións realizadas. A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 75.549, o 44,4% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 52.625 intervencións (un 30,9%).

Segundo os datos publicados polo Sergas, o ano 2006 presenta un descenso tanto do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica como da súa demora media. A 31 de decembro de 2006 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 33.277 persoas, sendo a súa demora media de 90 días (121 días na mesma data do ano anterior). No último ano, un total de 22.842 persoas tiveron unha demora media inferior a tres meses, mentres que entre tres e seis meses esperan un total de 7.174 persoas, sendo a demora media superior a seis meses para 3.261 pacientes.

Xunto a esta lista de espera estrutural hai que considerar que un total de 231.613 pacientes atópanse en cola de programación de consultas médicas iniciais, sendo a súa demora media de 74 días (78 días en 2005).

Transplantes e doazóns

Ao longo do ano 2006 rexistrouse unha caída do número de transplantes de órganos en Galicia, acadando os 248 transplantes (trece menos que no ano precedente). Entre os transplantes de órganos, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (112) e fígado (83), realizándose 25 de corazón, 23 de pulmón e 5 de páncreas.

A diferenza do acontecido en 2005, prodúcese unha importante medra do número de transplantes de tecidos. Dos 1.064 transplantes de tecidos realizados en 2006, un 42,1% máis que no ano anterior, os máis importantes corresponden, ao igual que en anos anteriores, aos de oso, con 699, e os transplantes de córneas, con 154 (**cadro 3.3.9.**).

En canto ás doazóns, no ano 2006 o número de doazóns foi de 92, un 15% máis que no ano anterior (12 doazóns máis).

Prestacións farmacéuticas

O custo da prestación farmacéutica ascendeu no último ano a 984,3 millóns de euros, un 7% máis que o custo rexistrado no ano 2005. Deste importe, a meirande parte corresponde á receta médica oficial, con 781,1 millóns de euros (un 6,3% máis que en 2005), e os 203,2 millóns restantes (un 9,8% máis), ao custo nos hospitais (**cadro 3.3.10.**).

Custo da prestación farmacéutica 2005-06

	2005	2006	06/05
	(en miles de €)		(%)
Galicia			
Receta médica oficial	734.949,6	781.128,7	6,3
Hospitals	185.056,7	203.193,5	9,8
Total	920.006,3	984.322,2	7,0

(1) Inclúe o desconto do RD 2.402/2004
 Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

○ 3.3.10.

Prestación farmacéutica en atención primaria 2005-06

		2005	2006	06/05
		(en miles)		(%)
Recetas dispensadas		52.468	54.569	4,0
Activos		14.317	14.868	3,9
Pensionistas		38.152	39.701	4,1
Custo por receita (1)		14,63	15,01	2,6
Activos		10,49	10,75	2,5
Pensionistas		16,19	16,60	2,5
Custo/cidadán da prestación (1)		285,47	301,05	5,5
Activos		81,28	86,11	5,9
Pensionistas		733,39	762,70	4,0
Custo da prestación farmacéutica (1)		767,8	818,9	6,7
Activos		150,1	159,8	6,5
Pensionistas		617,6	659,1	6,7

(1) Non se inclúe o desconto do RD 2.402/2004
 Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

○ 3.3.11.

Custo da prestación farmacéutica en receita médica oficial 2005-06

	Gasto (1)			Recetas			Gasto/receita		
	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05
	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)		(%)	(en €)		(%)
A Coruña	281.499,1	300.286,8	6,7	20.619.703	21.473.398	4,1	13,65	13,98	2,4
Lugo	116.385,4	122.729,4	5,5	7.953.170	8.266.728	3,9	14,63	14,85	1,5
Ourense	108.733,2	114.554,1	5,4	7.656.382	7.881.237	2,9	14,20	14,54	2,3
Pontevedra	228.331,9	243.558,4	6,7	16.239.238	16.948.118	4,4	14,06	14,37	2,2
Total	734.949,6	781.128,7	6,3	52.468.493	54.569.481	4,0	14,01	14,31	2,2

(1) Inclúese o desconto do RD 2.402/2004
 Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

○ 3.3.12.

Custo da prestación farmacéutica en hospitais 2005-06

	2005	2006	06/05
	(en millóns de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	62,5	62,5	-
Pacientes non hospitalizados	122,5	140,6	14,7
Total	185,1	203,1	9,8

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

○ 3.3.13.

Indicadores dos Servizos Sociais para maiores dependentes en Galicia e España 2005-06

	xaneiro 2005			xaneiro 2006		
	Galicia	España	G / E	Galicia	España	G / E
Poboación maior de 65 anos			(%)			(%)
	587.137	7.332.267	8,0	594.506	7.477.761	8,0
Orzamento ou gasto estimado S. Sociais maiores (1)	(miles de €)			132.486,4	2.866.503,4	4,6
Gasto estimado por persoa maior de 65	(€)			222,9	383,3	
Servizo público de axuda a domicilio						
Nº de usuarios	11.679	256.992	4,5	13.932	305.973	4,6
Índice de cobertura	(usuarios / pob. >65)*100	1,99	3,51	2,34	4,09	
Intendidad horaria	(en horas / mes)	20,00	16,25	25,15	16,28	
Prezo público	(en € / hora / usuario)	8,11	11,61	8,43	12,12	
Atención residencial						
Nº de centros						
públicos	133	5.129	2,6	129	6.052	2,1
privados	33	1.029	3,2	21	1.059	2,0
Nº de prazas	100	4.100	2,4	108	4.993	2,2
públicas concertadas	11.654	283.134	4,1	14.133	298.870	4,7
privadas	3.452	70.616	4,9	3.523	72.988	4,8
Índice de cobertura	(prazas / pob. >65)*100	1,855	52,180	3,6	2,778	58,905
públicas máis concertadas		6,347	160,338	4,0	7,832	166,977
privadas		1,98	3,86	2,38	4,00	
		0,90	1,67	1,06	1,76	
		1,08	2,19	1,32	2,23	
Servizo público de teleasistencia						
Usuarios atendidos	5.480	208.107	2,6	6.413	261.433	2,5
Índice de cobertura	(usuarios / pob. >65)*100	0,93	2,84	1,08	3,50	
Prezo	(en € / mes / usuario)			23,64	21,79	
Fogares e clubs para maiores						
Asociados	240.000	3.481.166	6,9	240.000	3.525.499	6,8
Índice de cobertura	(asociados / pob. >65)*100	40,88	47,48	40,37	47,15	
Centros		3.980		76	3.988	1,9
Centros de día						
Centros de titularidade pública	18	1.001	1,8	40	1.262	3,2
Centros de titularidade privada	36	1.058	3,4	56	1.163	4,8
Prazas de financiamento público	451	21.956	2,1	550	28.475	1,9
Prazas xestión privada	1.358	26.305	5,2	2.071	30.402	6,8
Índice cobertura total	(prazas / pob. >65)*100	0,31	0,66	0,38	0,64	
públicas máis concertadas		0,08	0,30	0,09	0,38	
privadas		0,23	0,36	0,29	0,26	

(1) Presuposto 2006
Fonte: IMSERSO

3.3.14.

cidadán, sen incluír o desconto RD 2.402/2004, medrou no último ano un 5,5% respecto ao ano anterior, acadando os 301,05 euros en 2006. O gasto farmacéutico medio por pensionista experimentou un crecemento do 4%, situándose nos 762,70 euros.

O número de receitas dispensadas ascendeu no último ano a 54.569 miles de receitas das que as persoas pensionistas facturaron un total de 39.701 miles de receitas. O custo medio por receita en Galicia medra dende os 14,63 euros do ano 2005 aos 15,01 euros do último ano.

Atendendo á desagregación do custo do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 3.3.12.** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 300,3 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 243,6 millóns de euros.

Tendo en conta o número de receitas, o devandito **cadro 3.3.12.** reflicte que o custo da prestación farmacéutica por receita, incluíndo o desconto RD 5/2000, foi de 14,31 euros en Galicia (14,01 euros en 2005). A provincia de Lugo, cun custo de 14,85 euros, segue sendo a que presenta o custo máis elevado, por diante de Ourense, con 14,54 euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 14,37 euros, e en A Coruña, a 13,98 euros.

Respecto ao custo da prestación farmacéutica en hospitais, dos 203,1 millóns de euros totais, o 69,2% (140,6 millóns de euros) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 30,8% restante, 62,5 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 3.3.13.** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 14,8%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu custo permaneceu constante.

Prestacións sociais

Un aspecto importante a ter en conta á hora de analizar as prestacións sociais é a consideración da atención ás persoas maiores dependentes. En termos relativos, os datos do Padrón municipal de habitantes amosan que Galicia acolle o 8% das persoas maiores de 65 anos en España e máis do 9% das persoas maiores de 85 anos. Fronte a isto o gasto estimado para servizos sociais para persoas maiores de 65 anos e Galicia tan só representa o 4,6% do gasto total español, situándose coma a 3ª C.A. con menor gasto por persoa (222,9 euros), por diante de Canarias e a C. Valenciana (a media estatal é de 383,3 euros).

O **cadro 3.3.14.** reflicte os principais indicadores dos servizos de asistencia en Galicia e España. Atendendo ao peso relativo da poboación maior de 65 anos en Galicia respecto ao conxunto do Estado, o devandito cadro indica a escasa importancia relativa do número de centros residenciais. Tralo descenso do número de centros residenciais de financiamento e xestión pública, en Galicia atópanse o 2,1% dos centros residenciais de España, ofertando o 4,7% das prazas residenciais. Asemade, compre salientar que en xaneiro de 2006, a importancia dos centros de día en Galicia era do 4,0% (2,6% na mesma data do ano anterior) e o número de usuarios atendidos polo servizo de teleasistencia era do 2,5% (2,6% en xaneiro de 2005).

Hai que destacar o reducido índice de cobertura dos distintos servizos de asistencia a maiores en relación á media española. No caso dos centros de día, este índice é de 0,38 prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos, mentres que no conxunto do Estado a relación é de 0,64 prazas. En canto á atención residencial, o índice de cobertura é a metade da media española tanto no caso dos centros de financiamento público coma privado. O índice de cobertura destes centros en Galicia foi de 2,38 prazas por cada cen habitantes maiores de 65 anos (1,06 no conxunto das residencias públicas e concertadas e 1,32 nas privadas) fronte aos 4,00 prazas no conxunto do Estado (1,76 prazas nas residencias públicas e concertadas e 2,23 nos centros de xestión privada). ■